

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Concellería de Emprego

Bases reguladoras específicas do Concello de Ferrol para a concesión das axudas para desenvolver programas de dinamización nos sectores do comercio, da hostalería, dos mercados municipais e do emprendemento na anualidade 2026

Datos da subvención

Denominación	Axudas para desenvolver programas de dinamización nos sectores do comercio, da hostalería, dos mercados municipais e do emprendemento na anualidade 2026. Bases reguladoras específicas do Concello de Ferrol para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para desenvolver programas de dinamización nos sectores do comercio, da hostalería, dos mercados municipais e do emprendemento na anualidade 2026.
Aplicación orzamentaria	02104-2412-48000
Importe total	150.000.00 €
Importe máximo subvencionable	20.000€ entidade
Importe solicitado	Até o 80% do orzamento de gastos subvencionables
Coefficiente de financiamento	Até o 0,80

Liñas xerais

O Concello de Ferrol establece dentro das súas prioridades apoiar todas aquelas actividades e actuacións dirixidas á dinamización do sector empresarial, o apoio á cultura emprendedora priorizando os sectores comerciais, hostaleiros, empresariais e dos mercados.

Réxime xurídico

O marco normativo desta convocatoria está constituído polas seguintes leis e disposicións legais que se nomean a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como cantas outras normas legais ou regulamentarias, conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 7/1985, do 2 e abril, reguladora das bases de réxime local e RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento orgánico de funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións xunto co RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Bases de execución do orzamento municipal prorrogado
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol (BOP da Coruña nº 200, de 21/10/2019) modificada (BOP núm. 191 de 3 de outubro de 2024).
- Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol 2024-2026 (BOP núm. 39 do 23 de febreiro de 2024)

Base 1.- Obxecto da subvención

Ten por obxecto establecer as normas específicas, no marco da Ordenanza Xeral de Subvención deste Concello (BOP da Coruña nº 200, de 21/10/2019 e modificada no BOP núm. 191 de 03/10/24), polas que se rexerá a convocatoria pública, en concorrencia competitiva, das axudas e subvencións dirixidas ao desenvolvemento de actuacións/programas

de dinamización nos sectores do comercio, da hostalería, dos mercados municipais e do emprendemento para o ano 2026 realizadas dentro do termo municipal de Ferrol.

Para este fin establécese as seguintes liñas de axuda:

Liña 1	Programas/actuacións de dinamización da oferta comercial e hostaleira: Destinados á consolidación/mantemento dos comercios/locais de hostalería da cidade, á adaptación ás novas técnicas de venda/xestión, así como á formación e cualificación do persoal.
Liña 2	Programas/actuacións de fomento do tecido empresarial: destinadas á innovación e promoción do sector empresarial e á promoción da cultura emprendedora dentro do termo municipal de Ferrol.
Liña 3	Programas/actuacións de dinamización dos Mercados Municipais: destinadas á dinamización, modernización e promoción dos mercados municipais de Ferrol.

Cada entidade poderá realizar a súa solicitude, unicamente, dentro dunha das liñas de subvención establecidas nas presentes bases.

Base 2.- Beneficiarios, requisitos e obrigas para solicitar a subvención:

2.1.- Solicitantes:

Poderán concorrer a esta convocatoria todas aquelas asociacións de comerciantes e/ou empresarios directamente relacionados cos sectores do comercio, da hostalería, dos mercados municipais e das agrupacións empresariais, sen ánimo de lucro, con ámbito de actuación no Concello de Ferrol e que cumpran os requisitos destas bases e as súas convocatorias.

2.2.- Requisitos:

Para ser beneficiarias das axudas, as ditas entidades deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas como tales, sen ánimo de lucro, e figurar inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Ferrol
- Cumprir os requisitos destas bases e a súa convocatoria
- Non contravir o regulado nos artigos 13 e 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.
- Ter o domicilio fiscal no Concello de Ferrol ou desenvolver as súas actividades no termo municipal de Ferrol.

2.3.- Obrigas:

As entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas reguladas nestas bases, as recollidas na Lei 38/2003, xeral de subvencións, no RDL 887/2006, na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e as previstas no art. 10 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.

Tendo en conta que a tramitación será telemática a entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente ao que se dirixirán as comunicacións.

Base 3.- Financiamento

Os custos derivados destas axudas efectuaranse con cargo aos orzamentos municipais da anualidade 2026.

- **Aplicación orzamentaria: 02104-2412-48000**
- **Importe total: 150.000**

A distribución de dita contía realizarase da forma seguinte:

- **Para a Liña 1:** 50.000€
- **Para a Liña 2:** 50.000€
- **Para a Liña 3:** 50.000€

No caso de que non se esgote o crédito asignado para unha das liñas, poderá empregarse en calquera delas até completar o importe total da subvención.

O importe total do importe das axudas distribuírase do seguinte xeito:

% máximo subvencionable	Núm. actividades solicitadas	Importes máximos subvencionables		Período de execución das actividades 2026
		Por entidade	Por actividade	
80%	MÍNIMO de 3 e MÁXIMO de 6 por entidade	20,000.00 €	10,000.00 €	1 xaneiro até 31 decembro
Cada entidade soamente poderá presentar solicitude de axudas referida a unha única liña.				

Base 4.- Compatibilidade

As subvencións reguladas nestas bases son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas supere o custo da actividade ou obxecto subvencionado e os gastos xustificadas pola entidade beneficiaria.

No caso de solicitar ou recibir unha subvención ou outra axuda posteriormente á presentación da solicitude inicial, a entidade deberá comunicar esta circunstancia ó Concello de Ferrol.

Base 5.- Gastos subvencionables

5.1.- Actividades subvencionables

1. Deseño de programa/as e actuacións segundo o establecido en cada unha das tres liñas de axuda recollidas na Base 1.
2. Cursos de formación, xornadas, mentoring, exposicións ou similares de carácter presencial, virtual ou teleformación.
3. Edición/reedición de material para o uso directo no comercio/hostalería/mercados/comercialización de produtos (Exemplos: bolsas comercio, manteis hostalería, vasos para café para levar, cartas de produtos,).

Quedan excluídos os materiais que non teñan un uso directo (exemplo: merchandising, trofeos, acreditacións, diplomas...).

5.2.- Criterios xerais dos gastos subvencionables:

Son gastos subvencionables aqueles ligados de xeito inequívoco á natureza da actividade subvencionada, como pode ser:

- Gastos de funcionamento/xestión/organización/coordinación vinculado ao desenvolvemento do programa/actuación cunha limitación de até un máximo do 30% do importe subvencionado por actividade.

No caso da imputación de gastos de persoal propios da entidade, deberá presentar unha certificación coa/as persoa/as imputadas e a % do seu horario adicada a cada actividade.

- Outros gastos correntes directamente relacionados para desenvolver a actuación/proxecto: cartellaría, materiais de imprenta, publicidade en medios, RRSS, subministro e servizos realizados por provedores/profesionais.

- Gastos indirectos relacionados directamente co cumprimento do obxecto da subvención: Alugueiros de medios e recursos directamente relacionado co desenvolvemento da actividade subvencionada.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

As cantidades ou % aplicadas de gasto deberán ser proporcionais ao tipo de actividade (número de participantes, horarios...).

En todo caso, deberá acreditarse de xeito fidedigno na correspondente xustificación de gasto que está directamente relacionado coa actividade ou proxecto en cuestión.

5.3.- Subcontratación

A entidade poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación aqueles gastos que teña que incorrer a entidade para realización por sí mesma a actividade subvencionada.

Non se admitirá en ningún caso a subcontratación nos casos previstos no artigo 29.7 da Lei xeral de subvencións.

5.4.- Xustificación dos gastos:

a) Solicitude de ofertas:

Solicitar polo menos 3 ofertas a distintos provedores/acredores seleccionando a oferta máis económica:

- Para aqueles gastos subvencionables cuxos importes sexan superior a 3.000€ (os gastos da mesma natureza non poderán ser divisibles en varias facturas. Non se admitirá o fraccionamento de gastos).
- Naqueles casos coa coincidencia reiterada dos mesmos provedores/acredores nas actuacións subvencionadas.

b) Actividades de formación:

No caso de gastos de actividades de formación:

Presencial: os custes directos de formación presencial non poderán superar o produto de 25€ x (núm. de persoas asistentes) x (núm. total horas formación).

Non presencial: os custes directos de formación on-line (teleformación) non poderán superar o produto de: 15€ x (núm. de persoas asistentes) x (núm. total horas formación)

Custes indirectos: a suma total dos custes indirectos asociados á formación (seguros, manuais, materiais funxibles, difusión en medios, alugueiros,) non poderán superar o 40% dos límites dos custes directos de formación.

Acreditación da participación na formación:

Presencial: certificado da entidade onde conste a denominación da acción formativa, as datas de realización e o horario xunto coa relación de persoas participantes. Dita certificación deberá vir acompañada dos partes de asistencia coa sinatura dos participantes.

Non presencial: certificado da entidade onde conste a denominación da acción formativa, as datas de realización e o horario xunto coa relación de persoas participantes acompañada dun informe do rexistro das asistencias.

c) Vales/Sorteos:

A entidade deberá dispoñer da seguinte documentación:

- Bases reguladoras do evento
- Certificación da entidade onde conste: a relación de comercios/hostalería participantes no programa de actuación
- Certificado da entidade co resultado do sorteo onde conste: a relación de persoas premiadas xunto co premio obtido
- Soporte documental do sorteo: documentos individualizados e numerados co recibí onde conste: nome, apelidos, número de teléfono, premio outorgado e sinatura da persoa premiada. Na/as factura/as asociadas aos vales debe constar o núm. de documento individualizado.

5.5.- Actividades e/ou gastos non subvencionables:

Quedan excluídas desta convocatoria e polo tanto non poderán ser obxecto de axuda as seguintes actividades:

- Actividades xa subvencionadas dende o Concello de Ferrol a través de calquera outra convocatoria ou procedemento de colaboración.
- Actividades que se desenvolvan total ou parcialmente fóra do termo municipal de Ferrol.
- Actuacións de carácter puntual que non estean vinculadas á memoria da actividade subvencionada.
- As viaxes de ocio e os gastos de manutención realizados polo persoal das entidades.
- As actividades de carácter confesional.
- As festas, agás aquelas que teñan como obxectivo a promoción e dinamización económica da zona.
- Os gastos correntes de funcionamento das entidades/asociacións.
- Aquelas que teñan un carácter discriminatorio ou non favorezan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Calquera outra actividade que a criterio da Comisión de Avaliación non contribúa á finalidade desta convocatoria.
- Gastos financeiros.

Base 6.- Solicitud

6.1.- Presentación de solicitudes e prazo

presentación:	deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través da Sede Electrónica do Concello de Ferrol: https://www.ferrol.gal/Sede
Prazo:	10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de conformidade co procedemento establecido no art. 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que se poderán descargar na web do Concello de Ferrol e deberán acompañarse da documentación complementaria.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicional das presentes bases reguladoras.

6.2.- Documentación:

a) Solicitude (segundo modelo) que inclúe:

- Declaración responsable de que a entidade está inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol.
- Declaración responsable do cumprimento dos requisitos para obter a condición de beneficiario, segundo o art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e do art. 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Declaración responsable onde se sinala que cumpre co establecido no art. 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e particularmente o sometemento ás actuacións de comprobación do Concello e as de control financeiro que lles corresponden á intervención municipal nos termos sinalados no Título III da Lei 38/2003.
- Declaración responsable da utilización da lingua galega non discriminatoria de conformidade co disposto na Base 11.
- Declaración responsable de que a entidade está asociada a un o máis barrios/mercados.
- Declaración doutros ingresos ou subvencións que tamén financien a actividade subvencionada (indicando, de ser o caso, importe e procedencia).

b) Documentación complementaria:

- (*) Copia da tarxeta do NIF da entidade
- (*) Copia dos estatutos da entidade
- (*) Designación de conta bancaria

(*) No caso de que esta documentación xa estea no órgano xestor da subvención non será necesario entregala, agás que se produxera algún cambio.

- Certificado actualizado da composición da xunta directiva
- Copia simple do DNI da persoa que representa a entidade e firma a solicitude.
- Certificado cos seguintes extremos (segundo modelo):
 - o Acordo de solicitude da subvención por parte da entidade.
 - o Número de socios activos na entidade con enderezo no Concello de Ferrol.
 - o Compromiso de facer constar a colaboración do Concello de Ferrol en toda a publicidade e difusión das actividades subvencionadas.
 - o Compromiso de obter licenzas/autorizacións preceptivas para o desenvolvemento das actividades.
- Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesouraría Municipal:

<https://www.ferrol.gal/arquivos/documentos/solicitudes/DesignacionDeContaBancariaEBaixaDeDatosBancarios.pdf>

(*) No caso de novas solicitantes ou cambios

- Acreditación mediante documentos orixinais de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social e coa AEAT e coa Comunidade Autónoma. Co Concello de Ferrol revisarase de oficio por parte da unidade tramitadora.
- Memorias-actuacións (segundo modelo).

Base 7.- Procedemento de concesión da subvención**7.1.- Órgano instrutor e órgano competente para a resolución do procedemento**

Correspóndelle ao Negociado de Emprego a instrución do procedemento.

O concelleiro delegado da Área de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención cidadá, Organización Interna e Contratación é o órgano competente para resolver en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/12/2023 (BOP nº 241 do 20/12/2023).

O Negociado de Emprego, órgano instrutor do procedemento, encargarse de revisar os expedientes de solicitude e verificará que conteñan toda a documentación esixida.

No caso de que a documentación presentada fose incorrecta ou insuficiente, daráselle á entidade solicitante un prazo de 10 días hábiles para que achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndoselle saber que, no caso de incumprimento entenderase que desiste da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 39/2015.

Non axustarse aos termos destas bases, así como, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

7.2.- Valoración das solicitudes

A comisión de valoración encargárase da avaliación das solicitudes de acordo cos criterios establecidos nestas bases e a súa convocatoria e emitirá un informe no que se concretará o resultado da mesma.

Para estes efectos a Comisión de valoración estará composta polos seguintes membros:

- Presidencia: o concelleiro delegado da Área de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención cidadá, Organización Interna e Contratación ou concelleiro/a en que delegue.
- Vocais: un representante de cada un dos grupos municipais do Concello de Ferrol.
- Asistencia técnica: un técnico municipal da concellería de Emprego.
- Secretaría da comisión avaliadora (con voz pero sen voto): persoal funcionario do negociado de Promoción Económica.

A valoración das solicitudes realizarase de conformidade cos seguintes criterios de valoración:

Cráterios de valoración	Rango de puntuación		Puntuación máxima (100 puntos)
1. Xerais:			máx. 30 puntos
1.1. Número de actividades solicitadas a partir das mínimas requiridas	Por cada actividade a maiores (dende a activ. 4ª en adiante)	5 ptos	15
1.2. Grado de experiencia na xestión e execución das actividades subvencionadas na convocatoria 2025	Número de activ. Executadas	1 punto por cada actividade	5
1.3. Grao de especialización da entidade	Asociada a un único barrio ou mercado municipal		10
2. Valoración individual por actividade:			máx. 70 puntos
Outras fontes de financiamento de entidades non públicas na actividade	Cada 1% por riba do 20%	1 pto	15
Actividade conxuntas con outras entidades	Si a actividade é conxunta	15 puntos	15
Formación/cualificación	Cando a actividade principal sexa a formación		5
Emprego da lingua galega na actividade			5
Calidade, coherencia, concreción e nivel de programación no deseño da actividades solicitadas			25
Introdución de medidas que promovan a igualdade de xénero na actividade			5

O Concello de Ferrol pode solicitar a entidade información adicional para acreditar o cumprimento dos criterios de valoración.

No caso daqueles criterios relativos ao desenvolvemento da actividade, a entidade deberá acreditar o seu cumprimento na fase de xustificación.

No caso de non dar cumprimento a ditos criterios aplicarase unha minoración na conta xustificativa (a % a minorar será equivalente ao peso do criterio en relación coa puntuación establecida).

Cada entidade deberá indicar a prioridade de unhas actividades sobre outras dentro da totalidade das actuacións solicitadas.

As actividades deberán ter entidade por si mesmas: non se valorarán aquelas actividades presentadas por separado cando se poidan considerar que forman parte dunha actuación única ou versión dunha mesma programación.

A inconcreción da actuación ou falta de detalle do gasto das actividades non será valorada e, polo tanto, non subvencionable.

7.3.- Aplicación dos criterios de valoración para o outorgamento da subvención

A contía mínima de puntos de cada actividade a acadar para obter o 100% do solicitado por cada prioridade é a seguinte:

Prioridade:	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Puntos para o 100%:	25	35	45	55	65	75

Dentro de cada liña, as actividades subvencionaranse por prioridades.

- Empezando pola primeira prioridade, subvencionaranse ao 100% as actividades que acaden o mínimo establecido.
- O resto de actividades reduciranse un 5% a subvención solicitada por cada punto de diferenza ao mínimo por prioridade.
- Continuarase por prioridades ata finalizar o orzamento.

De acordo á Base 3, no caso de que non se esgote o crédito asignado para unha das liñas, poderá empregarse en calquera delas até completar o importe total da subvención.

7.4.- Resolución e notificación e recursos

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva e será aprobada por resolución do concelleiro delegado da Área de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención cidadá, Organización Interna e Contratación trala formulación da proposta de concesión realizada pola unidade administrativa encargada da instrución á vista do informe da comisión avaliadora.

O órgano instrutor, á vista do expediente formulará a proposta de resolución, que expresará a relación de entidades solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía.

Permitiranse cambios non substanciais nas subvencións concedidas, entendendo por iso:

- A modificación dalgúns dos conceptos de gastos subvencionables estimados na solicitude
- A modificación do lugar/datas onde se realice a actuación

O procedemento a seguir:

- Solicitar á unidade tramitadora a solicitude de ditos cambios indicando o motivo das mesmas.
- Recibir a autorización por parte do Concello de Ferrol antes de realizar ditas modificación.

Se algunha das entidades beneficiarias renuncia á subvención, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, conceder a subvención a aquelas actividades/actuacións das entidades solicitantes que non foron subvencionadas seguindo a orde de puntuación, sempre que coas renuncias existentes se liberara o crédito suficiente.

As subvencións concedidas notificaranse aos interesados de conformidade co disposto no art. 40 da Lei 39/2015 e publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Ferrol (na súa versión dixital e física) así como na BDNS.

O prazo máximo para resolver será de 9 meses contados dende o día de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co establecido no artigo 23.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O vencemento do dito prazo máximo sen notificar mediante a publicación da resolución lexítima ás entidades interesadas pasa a entenderse desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.

A resolución de concesión poñerá fin á vía administrativa, para os efectos da interposición dos recursos administrativos que procedan realizarase de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Base 8- Execución das actividades, xustificación e pagamento

8.1.- Prazo de execución e xustificación

Os beneficiarios da subvención estarán obrigados a acreditar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo para executar as actividades comeza o 1 de xaneiro e **remata o 31 de decembro de 2026.**

Os gastos deberán realizarse ao longo do prazo de execución e as facturas deberán ter a data de emisión dentro desta anualidade 2026.

O prazo límite para a presentación da conta xustificativa da subvencións **rematará o 31 de xaneiro de 2027.**

O aboamento dos gastos, e polo tanto, os documentos de xustificación poden realizarse dentro do período máximo de presentación da xustificación.

No caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Transcorrido o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste da súa petición, ditando resolución que deberá ser notificada á entidade beneficiaria.

A falta de presentación da xustificación unha vez transcorrido o prazo de xustificación establecido ante o órgano administrativo competente requirirá, segundo o artigo 70.3 do Regulamento xeral de subvencións, a entidade beneficiaria

para que no prazo improrrogable de 15 días se presente para os efectos previstos. A non presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado implicará a esixencia do reintegro sen prexuízo doutras responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións.

8.2.- Pagamento da subvención

- Realizarase o pago anticipado do 60% do importe concedido, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación como financiamento necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, sen que por iso, se prevea ningún réxime de garantía.

En calquera caso, para realizar os pagamentos anticipados, as entidades beneficiarias deberán acreditar estar ao día nas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello de Ferrol.

- O 40% restante do importe concedido aboarase trala xustificación total da subvención.
- O importe a xustificar será o 100% do gasto (importe de subvención + importe de cofinanciamento).
- No caso de que o importe xustificado sexa unha cantidade inferior á que se deba xustificar, o importe que aboará o Concello de Ferrol establecerase mediante unha proporción.
- Naquelas actividades subvencionadas que se xustifique un gasto inferior ao 50% (total a xustificar) non se considerará cumprida a finalidade básica de dita actividade, polo que non se aboará cantidade ningunha referida a dita actuación.
- Naquelas actividades realizadas de forma conxunta, no caso de non xustificar o 50% da totalidade da actividade, o reintegro de dita actuación será realizado por cada entidade en función da % de participación de cada unha.
- O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento desenvolvido pola entidade beneficiaria.
- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

8.3.- Documentación xustificativa

As entidades beneficiarias deberán presentar **obligatoriamente** a documentación xustificativa por **medios electrónicos** a través da Sede Electrónica do Concello de Ferrol: <https://www.ferrol.gal/Sede>

A documentación a presentar será a seguinte:

- **Unha memoria por cada actividade subvencionada:**
 - o Deberá vir asinada e será xustificativa do cumprimento do obxecto da subvención concedida que se cumprimentará segundo o modelo que se achegará na fase de xustificación e de conformidade co establecido na Base 5.
- Facturas orixinais polo importe total da subvención concedida, ao abeiro do establecido no artigo 30.3) da Lei 38/2003 de 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu Regulamento) incluíndo a seguinte dilixencia, asinada polo responsable:

“Dilixencia: En cumprimento da Lei 38/03 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto na subvención do Concello de Ferrol de programas de dinamización nos sectores do comercio, da hostalería, dos mercados municipais e do emprendemento na anualidade 2026” (deberá aparecer dentro do corpo do documento de cada factura).
- Xustificantes de pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (No caso do pagamento por transferencia bancaria: xustificante bancario; no caso do pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón, no caso de transferencia electrónica xustificante impreso co selo da entidade). En todo caso, sempre deberá vir perfectamente identificado o gasto e a súa correspondencia coa factura ou documento de valor probatorio.
- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, e no seu caso, a data de pagamento, de acordo co artigo 75 do RD 887/2006 do Regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións (LXS). Segundo (ANEXO I).
 - o As facturas presentadas deberán axustarse ao establecido no *Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación* (art. 6.1 f).

- Declaración responsable sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración pública ou de particulares ou de entidades privadas (**ANEXO II**).
- Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesouraría Municipal:

<https://www.ferrol.gal/arquivos/documentos/solicitudes/DesignacionDeContaBancariaEBaixaDeDatosBancarios.pdf>

(*)**No caso de novas solicitantes ou cambios**

- Certificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario, da Seguridade Social e dos tributos municipais. Aquelas subvencións nas que a contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000€ a presentación de declaración responsable poderá substituírse a estas certificacións.
- Probas do cumprimento das obrigas de publicidade a través da achega de documentos gráficos nos que conste a colaboración do Concello de Ferrol en toda información (impresa, informática, audiovisual, internet, en redes) que se fixeran relacionadas coas actividades subvencionadas. Así como as capturas de exposición na pax. web das respectivas entidades.
- Declaración responsable do cumprimento dos requisitos para obter a condición de beneficiario, segundo o art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones e do art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (**ANEXO IV**)

Forma de presentación da documentación xustificativa:

A documentación xustificativa deberá presentarse de forma organizada

1º.- Documentación xenérica:

Declaracións (anexos II e IV)

Certificacións de estar ao corrente nas obrigas

Número de conta da entidade (modelo Tesouraría municipal) no caso de sufrir algún cambio ao respecto da fase de solicitude.

2º.- Documentación específica:

Para cada actividade subvencionada:

2.1.- Memoria xustificativa (asinada) segundo modelo

2.2.- Anexo I (relación de facturas, ...)

2.3.- Facturas ou documentos de valor probatorio:

- Debidamente dilixenciadas dentro do corpo da factura

- Debidamente identificados os conceptos, cantidades, prezos individualizados...

2.4.- Xustificantes de aboamento:

- Co selo bancario en cada un dos xustificantes

- Debidamente identificado: pagador, acreedor e identificación de factura

2.5.- Probas de cumprimento das obrigas de publicidade (actuación/evento/ material promocional) tanto en soporte físico, como dixital ou en redes.

2.6.- No caso das RRSS deberá achegarse xustificantes:

- Capturas de pantalla e enlaces ás publicacións onde conste "**En colaboración @.....**" (segundo o establecido na Base 12)

- Estatísticas co núm. de visualizacións en cada unha das redes.

Base 9.-Perda do dereito ao cobro e procedemento de reintegro de subvencións

Con carácter xeral procederá o reintegro das subvencións nos supostos e baixo as condicións e requisitos establecidos no caso de invalidez da resolución de concesión regulada no artigo 36 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Así mesmo, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, así como a perda do dereito ao cobro

total ou parcial da subvención nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como no artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.

O procedemento de reintegro realizarase polo disposto no artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003 (LXS) e nos art. 91 e seguintes do RD 887/2006, así como no art. 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.

No caso de non dar cumprimento aos criterios de valoración utilizados para acadar as puntuacións na concesión das subvención, aplicarase unha minoración na conta xustificativa (a % a minorar será equivalente ao peso do criterio en relación coa puntuación establecida).

Base 10.- Autorizacións administrativas

A entidade colaboradora encargarse de conseguir calquera tipo de autorización que deba obter das administracións competentes, incluída a municipal, para a realización das actividades obxecto desta convocatoria e será, así mesmo, a única responsable do seu cumprimento.

Base 11.- Uso da lingua galega e dunha linguaxe non discriminatoria

As comunicacións co Concello de Ferrol así como as difusións relativas ao obxecto desta convocatoria deberán realizarse en galego en cumprimento da Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística. Igualmente, empregarase unha linguaxe non discriminatoria nin excluínte do xénero feminino.

Base 12.- Publicidade

A entidade beneficiaria comprométese a dar publicidade da achega municipal e deberá facer constar a **colaboración do Concello de Ferrol en todas as comunicacións** polas que se de a coñecer a realización das actividades subvencionadas (medios escritos, radiofónicos, audiovisuais, internet, redes sociais...). **Deberá constar dita colaboración na páxina web das respectivas entidades**, de ser o caso.

No caso e utilizar as RRSS, a entidade beneficiaria estará obrigada a incluír nas súas publicacións:

“ **En colaboración@.....** seguido da/s conta/s oficiais do Concello de Ferrol que, segundo o tipo de redes que utilice son as seguintes:

facebook: @ConcellodeFerrol

instagram: @concellodeferrol

X: FerrolOficial

tiktok: @concellodeferrol

No caso de edición de material físico (carteis, manteis, bolsas, vasos, vales, *flyers*, ou calquera outros) como material dixital (imaxes, vídeos, ou calquera outros), deberán incorporar o logotipo do concello de Ferrol, nun lugar e tamaño destacado.

O prazo de exposición da dita colaboración deberá manterse, como mínimo, dende a data de concesión até a data do último pagamento da actuación.

Disporá dos xustificantes que acrediten o cumprimento desta obriga de publicidade que deberán presentarse na fase de xustificación.

Base 13.- Recursos e impugnacións

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven da mesma poderán ser impugnados polos interesados nos términos establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Disposición final

A participación na convocatoria suporá a aceptación destas bases reguladoras específicas.

Será de aplicación, en todo aquilo que non se regulase nestas bases, a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol (BOP núm. 191 de 03/10/24) e no seu defecto, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (BOE n.º 276, de 18 de novembro de 2003), na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (DOG» núm. 121, de 25 de xuño de 2007), no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (BOE n.º 176, de 25 de xullo de 2006) e demais normativa concordante e de pertinente aplicación.

Ferrol, 13 de febreiro de 2026

O concelleiro delegado da Área de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención cidadá, Organización Interna e Contratación

Javier Pastor Díaz Mosquera



Subvención programas de dinamización do comercio, da hostalería, dos mercados e emprendemento do Concello de Ferrol
2026

ANEXO SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Razón social	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>
Enderezo completo: <input type="text"/>	
Teléfono: <input type="text"/>	Correo electrónico: <input type="text"/>

E. NA SÚA REPRESENTACIÓN

Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

correo electrónico	<input type="text"/>
--------------------	----------------------

DATOS DA PERSOA DE CONTACTO PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Teléfono	correo electrónico: <input type="text"/>		

SOLICITA: (marcar só unha)

- Liña 1: Programas da oferta comercial e hostaleira.
 Liña 2: Programas de fomento do tecido empresarial
 Liña 3: Programas dos Mercados Municipais.

SUBVENCIÓN SOLICITADA

	Importe (€)	%
TOTAL subvención solicitada (máximo 80% do total)	<input type="text"/> €	<input type="text"/>
TOTAL cofinanciamento	<input type="text"/> €	<input type="text"/>
TOTAL CUSTE ACTIVIDADES	<input type="text"/> €	100%

Priorid.	Actividade	Conx(*)
1	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
2	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
3	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
4	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
5	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
6	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>

(*) Só marcar se é unha actividade que se solicita conxuntamente con outra entidade.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Asdo.:

Ferrol,



ENTIDADE SOLICITANTE	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

- a) Declara responsablemente que a entidade solicitante está inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol.
- b) Declara responsablemente que a entidade solicitante cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario segundo o art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e do art. 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Declara responsablemente que a entidade solicitante cumpre coas obrigas esixidas no art. 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e particularmente o sometemento ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que lles corresponden á intervención municipal nos termos sinalados no Título III da Lei 38/2003.
- d) Declara responsablemente á utilización da lingua galega e dunha linguaxe non discriminatoria de conformidade co disposto base 11.
- e) En relación coa actividade xeral desta entidade, declara responsablemente que:
- Esta asociada a un único barrio ou mercado municipal. Especificar:
- Non esta asociada a un único barrio ou mercado municipal.
- f) En relación coas actividades subvencionadas na presente convocatoria, declara que:
- Non ten solicitado outra axuda ata o día da data.
- Si presentou solicitude doutras axudas , pero non foron concedidas ata o día da data.
- Si obtivo outras axudas nos seguintes organismos ata o día da data:

Organismo/entidade pública ou privada	Data solicitude	Data concesión	Importe
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/> €
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/> €
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/> €

Así mesmo, a entidade solicitante comprométese a comunicar cantas solicitudes de subvención, relacionadas coas actividades subvencionadas nesta convocatoria, tramite en calquera organismo público/privado, a partir da data de hoxe.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Asdo.:

Ferrol,



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

Documentación xeral:Dispoñible na unidade
tramitadora:

<input type="checkbox"/> Copia do CIF da entidade/asociación	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Copia dos seus estatutos	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Número de conta bancaria (formulario oficial Tesouraría Municipal)	<input type="checkbox"/>
Número de conta: <input type="text"/>	

No caso de documentación dispoñible na unidade tramitadora, o abaixo asinante Declara responsablemente que estes datos non sufriron variación algunha.

Certificado actualizado da composición da xunta directiva.

Copia simple do DNI da persoa representante da entidade, e asina a solicitude.

Certificación acreditativa (Modelo Certificado):

- Do acordo de solicitude da subvención por parte da entidade
- Número de socios/as da entidade con enderezo no Concello de Ferrol.
- Do compromiso de facer constar a colaboración do Concello de Ferrol en toda a publicidade e difusión das actividades.
- Do compromiso de obter licenzas/autorizacións preceptivas para o desenvolvemento das actividades.

Certificados de estar ao corrente nas obrigas coa Tesouraría da Seguridade Social, coa AEAT e coa Comunidade Autónoma.

Documentación específica:

Memorias das actuacións (modelo).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Asdo.:

Ferrol,



Subvención programas de dinamización do comercio, da hostalería, dos mercados e emprendemento do Concello de Ferrol
2026

ANEXO CERTIFICADO ACORDOS SUBVENCIÓN

De conformidade coa convocatoria para a Subvención de actividades de dinamización e promoción económica do Concello de Ferrol 2025,

D./D.ª con DNI

en calidade de secretario/a da entidade solicitante

con NIF co domicilio .

CERTIFICA:

Que con data na sesión ,
adoptáronse os seguintes acordos:

1º.- Solicitar unha axuda para o desenvolvemento das seguintes actuacións:

- Liña 1: Programas da oferta comercial e hostaleira.
 Liña 2: Programas de fomento do tecido empresarial.
 Liña 3: Programas dos Mercados Municipais de Ferrol.

Priorid.	Actividade	Conx(*)
1	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
2	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
3	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
4	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
5	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
6	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>

(*) Só marcar se é unha actividade que se solicita conxuntamente con outra entidade.

2º.- O número de socios activos da entidade con enderezo no concello de Ferrol son:

3º.- Compromiso de facer constar a colaboración do Concello de Ferrol de conformidade co establecido Base 12 referida á publicidade.

4º.- Compromiso de obter as licenzas/autorizacións preceptivas para o desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Ferrol, na data da sinatura electrónica

Vto e prace
O/a Presidente/a da entidade

o/a secretario /a
da entidade



MEMORIA DE ACTIVIDADE(*)

(*) Cumprimentarase unha por cada actuación solicitada

A.- Datos da actividade

Entidade solicitante:	NIF:
<input type="text"/>	<input type="text"/>
Título da actividade	
<input type="text"/>	
Prioridade : <input type="text"/>	Realización: <input type="radio"/> Individual <input type="radio"/> Conxunta (no caso de marcar esta, cubrir os puntos (**))
Datas de realización da actividade:	
<input type="text"/>	
Lugar/es de realización da actividade:	
<input type="text"/>	
(**) Só no caso de solicitude conxunta, identificación do resto de entidades (Nome, CIF):	
<input type="text"/>	
<input type="text"/>	
<input type="text"/>	
<input type="text"/>	

B.- Datos estimados de participación na actividade

Poboación participante na actividade: <input type="text"/>	Días <input type="text"/>	e/ou horas <input type="text"/>	de duración
--	---------------------------	---------------------------------	-------------

C.- Compromisos que a entidade adopta no desenvolvemento da actividade

Compromiso de uso da lingua galega: <input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
Compromiso de adopción de medidas que promovan a igualdade de xénero: <input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non

D.- Descrición da actividade (Pode achegarse memoria ampliada):

**E.- Custes da actividade**

Relación de gastos subvencionables

	Importe €	%
Total		100%

E.1.- Actividade individual

	Importe €	%
Importe solicitado (máximo o 80% do total):		
Fondos propios da entidade:		
Outras fontes:		
Total		100%

E.2.-Actividade conxunta con outra/as entidades ()**

Identificación das entidades (Nome, CIF)	Importe solicitado €	Fondos propios €	Outras fontes €	Total	%
Total:					100%

Ferrol, na data da sinatura electrónica.
O/A presidente/a